


CAMILLO DÍAZ



VAGALIMES

VERSO GALEGO

XOSÉ M. CABADA VAZQUEZ



XOSÉ M.^L CABADA VÁZQUEZ

VAGALUMES

VERSOS GALEGOS



SANTIAGO

Imprenta, Lib. e Enc. do Seminario C. Central


MCMXXXI

VACATION


1880




ADICATORIA



*Às somas ben-amadas de
EMILIÑA e DORA —fontes da
miña inspiración— avencella-
das no estreito nô do cariño
sagro de meus pais, de meu
irmán, e de Xaimiño, ledicia da
casa nadal e lembranza acesa
da irmán adourada.*



VERBAS LIMIARES



*Vel-ahl vai ise feixe de versos, frores
ventureiras nadas ô longo do vieiro dos
meus tempos idos e regadas, a miúdo, coa
ágoa que reverqueu, xa leda, xa tristeira,
da fonte do meu corazón, â cuio compás
fun miñas estrofas rimando.*

*Endexamais eu maxinara en dar ô
pobo meus versos así recollidos antre as
páxinas d' un volume. Foron miñas boas
amistades as que d' hay tempo eisiñaron
de mín ista laboura, e foi derradeira-
mente, o mestre **Amor Ruibal** —inteliñen-
cia xigante i-universal, e corazón sinxelo
e garimoso— a quen Dios chamou pra sí
recentemente, quen me deu o decisivo em-
puxe, dimpois de terme honrado pousando
sobre a cativez dos meus versos aquês
seus ollos d' águia, arelantes decote de*

cousas grandes e profundas e de hourizontes infinitos. A Morte, que o viña axerxando de cerca, non lle deixou trazar as liñas limiares que me prometera pra VAGALUMES.

Non embargantes, eu quero que o seu nome figure no meu primeiro volume de versos pra facer constar meu outo recoñecemento ô filólogo e o filósofo mais grande dos derradeiros séculos, nome que todol-os galegos debemos acoller con sagra admiración, e cuia lembranza terá de manterse acesa a través das vindeiras xeraciós; porque Amor Ruibal non pode desaparecer nin do mundo centífico nin do corazón de todol-os bôs galegos.

Perdoa, amado leitor, iste desafogo, e percorre agora as follas do libro sin maxinar no

AUTOR.

¡ALÁ VANI!...

¡ALÁ VAN!...

Alá ván, mensaxeiros da delor,
os meus cativos versos mundo adiante,
froleciñas d' aquel xardín xoiante,
onde sangra a roseira do Bó-Amor.

Amarguras da miña vida en flor,
d' esta vida que vivo agonizante
desque ¡ai! quedou pra sempre a irmán amante
dormida no regazo d' El Señor.


¡Alá ván!... Son meus fillos predilectos,
cecais coxos, encrenques, con defectos,
que o mundo non lles queira perdonar;

mais, non por eso meu amor lles nego,
e o mundo... onde haxa faltas ¡pau de cego!...
qu' é o millor modo, âs veces, d' ensinar.



NA FALA MEIGA

Poesía lida pol-o autor na Velada literario - musical que a Universidade Pontificia Compostelana adicou no día 17 do Mayo de 1928 ó seu novo Arcebispo Excmo. Dr. D. Fr. Zacarías Martínez Núñez.



NA FALA MEIGA

Fálame n' esa fala melosiña,
que celestiales armonías tén;
fálame no lingoaxe da Terriña,
s' é que me queres bén.

LAMAS CARVAJAL.

Có curazón choutando d' amor e de ledicia,
Señor, a saudarvos achégom' eu tamén:
deixádeme que o faga na fala de Galicia,
d' este recuncho meigo, enfeitizado Edén.

Deixade que vos fale na doce fala nosa,
que no fogar paterno de neno adeprendín:
surrisa, amor e bágoa de nai agarimosa,
susurro de bris maina no pracenteiro abril.

Na fala qu' é nos beizos dos fillos d' esta terra
arrecender de rosas, arpar de reiseñor;
fungar dos piñeirales que s' erguen na outa serra,
e pracidez nos vales coroados de verdor.

Na fala das decrúas, das mallas i-espadelas,
esfollas e fiadas na hora do serán;
na fala en que debullan seus rezos as fontelas
e tece a cotovía seu canto cotián.

Na fala qu' é marmurio nas ágoas dos regueiros,
ôn tempo queixa e himno na onda que s' esfai;
cantiga nas regueifas, e a porta dos turreiros
atruxo que o ar fende nas noites de luar.

Falarvos oxe quero na léngua dos Chariños,
dos Pontes, Airas Núñez e Alfonso, o sabio rei;
Feixóo, Sarmiento, Andrade, Cernadas e os Camiños,
Macías, Martín Códax, Rodríguez e Camoens.

Na léngua en que nos falan «As musas das aldeas»,
os «Aires da terraña» e «A Virxe do Cristal»;
na que, eisilado, Añón chorou bágoas a cheas,
e ôs pinos rumorosos oeu *queixar* Pondal.

Na fala melosiña da excelsa Rosalía,
qu' en «Follas Novas» quixo a i-alma nos deixar;
na fala de Colón, que, o mar sulcando un día,
xurdir das néboas fixo un mundo pra nos dar.

Vós vides da Vasconia, rexión nobre e sinxela,
sandarnos a ferida que a Morte en nos abreu;
sentarvos na Cadeira da sagra Compostela,
das cinzas gardadora de Yago, o Zebedeu.

A Igrexa n' estos días en Vós repara atenta
cal s' unen n' un abrazo virtú, cencia, valer;
España non se couta, e troula de contenta,
namentras a milleiros vos chegan parabéns.

Con vítores e hosannas acóllevos Galicia,
e aclámanvos os pobos en véndovos pasar,
nos beizos a surrisa, a faz toda ledicia,
e a paternal dozura no querendoso ollar.

Santiago —berce d'héroes, de sabios e d'artistas—
que abreu na Historia pátria ronseles d' esprendor;
Santiago, onde a presenza, dempois de cen conquistas,
d' un monxe coutar soupo as iras d' Almanzor;


Santiago, o de Xelmirez, bo bispo e bo guerreiro,
que pra Galicia días de gloria conquireu;
Santiago, cuia historia o gran López Ferreiro
de vellos pergameos e pedras recolleu;

Santiago, onde o recordo aceso escentilea
dos Vélez e os Fonseca, dos Cuesta e os Raxoi;
Payá, Martín de Herrera; de Lago e Alcolea:
jos dous a quén a Morte cal lóstrego levou!

Santiago, onde chegaron xa reises e raíñas,
guerreiros, grandes homes, xa pobos en romax
guiados por miriadas d' estrelas velañas,
que abriron no outo ceo o vieiro de cibdá;

Santiago, a cibdá pétrea e de lumiosa historia,
a das estreitas rúas e dos moimentos mil;
a que orgullosa amostra seu Pórtico da Groria,
tesouro admirado do zénit ô nadir,

.
acéndese oxe en festas —foguetes e gaitero—
e bicavos de xionllos o anelo arcebispal,
namentras se dispón o gran Botafumeiro
a pasear airoso a nao da Catedral.



OFRENDA D'AMOR

OF RENEWAL OF AMERICA

OFRENDA D'AMOR

A Doriña, n' un ramiño de froles
ateigadas d'arume e de cariño.

Quixera qu' estas froles sinxelas e arumantes,
que oxe ofrendarche veño,
o engado non trubaran do sono en que repousas
ô rún-rún doce e quedo
d' estes outos ciprestes, ¡ermidáns esvaídos
en mistereoso rezo!

Son tal unha ourazón roubada â Natureza
n' un instante supremo,


en que o Ceo e a Terra n' un éxtasis xuntaban,
con santo abraimento
seus beizos... Son ¡ai! froito d'un amor, d'un cariño
que alenta no meu peito.

Con elas unha espiña che ofrendo que arrinquei
d'aquel xardín que eu quero...
¡Beizón cubra estas froles! Beizón tamén a espiña
que aló no mais adentro
deixoume d' un cariño, d' un fraternal amore...
moi fonda unha ferida, que aberta sempre ¡ai! teño.

No cemiterio de Pontevedra, na-
mentras esmorece a tarde e, cabo
a unha cruz de pau, encravada na
removida terra, unha nai enloitada
reza unha ourazón de bágoas, que
ô cair no chán trócanse en pétalos
de rosas.....

1925.

¡SALVE, IRMÁN PIÑEIRO!



CAMILLO DIAZ



¡SALVE, IRMÁN PIÑEIRO!

¡Ouh vello piñeiro, lanzal e barudo,
que t' ergues altivo cabo a miña eira!
N' outro millor sitio pôrte Dios non pudo,
porque dende ahí tí atendes, mudo,
ó que pasa ô lonxe i-ó que pasa â veira.

N' esta noite calma, de craro luar,
mentras dorme a xente cansa do trafego,
soio e de fuxida, que non de vagar,
somentes co gallo de te visitar
i-escoitarte un pouco, tamén canso, chego.

¿Non me reconoces? Son o que ô teu lado
pillar grilos príncepes n' outro tempo viña.
¡Tí tan vello e forte! Eu xa tan trocado,
pois, anque son mozo, verasme virado,
do fado co a vénia, n' un velliño axiña.

Veño a que me contes, ouh meu vello amigo,
das moitas que sabes, unha historia ou lenda.
Chego de fuxida. Terasme contigo,
entrambos soliños, sin ningún testigo,
deica a noite fuxa, deica o día acenda.

D' hai tempo que arelo chegue a hora ista,
mais sempre un mal fado íñam' alonxando.
Díganme qu' é soño de tolo, utopista,
aquês que non saben de soños d' artista,
e os que soio buscan o metal nefando.

¿Cántos anos téis? —Cóntame. —Encomeza.
¿Quén te puxo ahí? —dime— ¿ónde naciche?
¿Descendes quizaves d' algunha realeza?
Baixo a soma augusta da tua redondeza,
¿cántas cativeces —dí— facer non viche?

¡Cánto n' adoeceches ô ver certos feitos!...
Poida que pensases con carraxe e frebe,
pol-o chán as leises, pol-o chán os dreitos
vendo, e â costa d' uns ôs outros ergueitos:
se che isto é xusticia que xuncras me leve.

¿Cavilas? ¿Seica isto faiche entristecere
inda oxe? Bén; pois d' isto non falar.
Xa que os dous estamos algo de lecere,
refíreme cousas que arelo sabere,
que a ninguén, che xuro, heinas de contar.

¿Por qué o vento, às veces, maino e modosiño,
quéixase, e outras freme antre a tua faísca?
¿Por qué en tí a bubela e a pega fan niño,
i-en tí pousa o moucho, fatal adeviño,
cando a vella Atropos non moi lonxe ulisca?

Cóntame tí a historia d' aquês dous galáns,
que, nas noites brancas, craras de luar,
baixo a tua redouza, sin tencións mal-sans,
os beizos xuntiños, collidal-as mans,
iñan a cotío amor se xurar.

Relátame a lênda do que de pequeno
subeu a tua copa roubar unha estrela,
e como unha fada, con un soio aceno,
fixo con que a estrela baixase hastra o neno,
quen d' estonces foise a xogar con ela.

E o miragro santo do pecoreiriño,
que veu tiritando por louza hastra tí;
cóntame, sí, cóntame, meu vello amiguíño,
que a lúa xa vaise, vaise d' euxordiño,
e cantan os galos pra m' eu dir d' aquí.

Vaise a lúa meiga, vaise a santa lúa;
vaise e xa s' esconde detrás dos penedos.
Vaise a lúa santa, compañeira túa
lá, nas feras noites en que o vento brúa,
nas noites tranquías, nas noites dos medos.

¡Ouh lúa, luíña, detén tua carreira,
fainos carantofías, un ollo nos chisca!
Noiva do poeta, linda compañeira,
¿móstraste anoxada? ¿Seica téis celeira?
Vaite d' euxordiño. Hisca, estonces, hisca.

Vai das estrelañas o brillo amainando;
xa o día está preto, meu lanzal piñeiro,
quédaste soño, soio, contemprando
como o tempo fuxe, como vai chegando
o día tamén pra mín derradeiro.

Os galos xa cantan e o día reloce;
teño de deixarte ¡con cánta tristeza!
¡Ouh, qué pracer puro, qué devino goce
síntese, escoitando ise falar doce,
no que â i-alma fala toda a Natureza!

¡Salve, irmán piñeiro, outo pino forte!
Gardo teu recordo na ucha do peito.
Soio che oxe prego que, ô collerme a morte,
—¡Salve irmán piñeiro! ¡Salve pino forte!—
¡unha ponla dones pra meu cadaleito!...

BERROS DE LOITA

BERROS DE LOITA

O poeta da raza, R. Cabanillas.

I

Alá ven cara os eidos baixando
a xauría de lobos famentos.
Alá ven, cal enchente que arrasa
as colleitas nos meses de inverno.

Non se contan. E avantan en ringla
cara a aldea choutando lixeiros,
aprestados cós cans a loitare
e facer na facenda estragueiro.

¡Upade, mociños;
petrucios, ergueivos,
e â loita aprestaivos
con paus e fungueiros!



II

¡Ahí os ven! ¡Son os lobos! Nos ollos
trán da nosa ruína o refrexo.
¡Como alampan na noite!... Miraios
a preada cheirando nos ventos.

Se deteñen. Parece que antr'eles
deliberan e toman consello.
S'espaxen; e a aldea rodean
pra asaltar-a millor d'ese xeito.

¡Pillade as forçadas!
soltade, lixeiros,
os cans, e apurrádeos.
¡A loita, labregos!


III

¡Cómo os cans a seus donos defenden!
¡Cómo a xente choutou xa do leito!
¡Cómo loitan os homes con fouces!
¡Cómo axúntanlle pedras os nenos!

¡Xa recúan!... ¡Avante, mociños!
¡Ouh petrucios, mulleres e nenos,
sempre avante! ¡O vindeiro que atope
roxo o campo de lobos cuberto!

¡Upade, mociños;
petrucios, ergueivos!
¡Que o sol do porvir alumee
ô probe labrego xa ceibo!...

A GALICIA



A GALICIA

Tanto che quero, Galicia,
tanto cariño che teño,
que morro s' é que estou lonxe
do teu solo feiticeiro.

Fora de tí, terra amada,
vivir non pode o galego,
como non pode vivir
sin agarimos o neno.

Tí atrás ô teu regazo,
d' amor e ternuras cheo,
a todol-os que mamaron
o leiteño dos teus peitos;
ôs que tí acobexache
no teu colo, de pequenos,
e aqueles que acalentache
co alentiño dos teus beixos.
Por tí, de lonxanas terras,
sospiran, meu chan galego,
aqueles que te deixaron
por mor de buscar sustento;
os que en tí, cando rapaces,
a xogar adeprenderon
e viron en tí do sol
os respradores pirmeiros;
os amantes dos teus campos,
de louzanía cubertos,
das outas cumes dos montes,

pol-as chorimas marelos;
d' amenidá dos teus vales,
da maxestá dos teus tempos,
ônde as nais van por rezar
pol-os fillos que perderon;
do marmurar das fontelas,
do encanto dos teus regueiros,
que por montes e campías
escorregan cantareiros;
das tuas fermosas praias,
nas que batisca o ouceno,
e do cantar dos teus bardos
e poetas, que os seus versos
esquirben no teu falar
tan meloso, tenro e meigo.....

Galicia, nai cariñenta,
non sei que tés no teu seo,
pois é imposible que poida

lonxe de tí o galego
vivir, sin que da saudade...,
da morriña..... no seu peito
non sinta a enfermédá
que o leva â cova mesmo.

Tanto che quero, Galicia,
tanto cariño eu che teño,
que morro s' é que estou lonxe
do teu solo feiticeiro.



CÁNTIGAS DE NADAL

CÁNTIGAS DE NADAL

Durme, meu meniño, durme,
qu'eu esperto,
do teu leitiño acarón,
por tí velo.


Sorri, meniño, sorri,
que á tua veira
ollando estou teus sorrisos
que o meu corazón aledan.

Fala, meu meniño, fala,
que as tuas falas
son pra mín no mar da vida
o faro que amostra a praia.

Eu onda tí son felís
e sin tí eu non son nada,
porque samente en tí teño
caridá, fé i-esperanza.



O MERLO



O MERLO

No eixido da casa vinculeira
vive un merlo, xa vello cantador,
que desfía decote unha muiñeira
nos abrentes xentís da primaveira,
cando esbrochan os albres a dar flor.

Este merlo, tan ledo e satisfeito,
ô eixido da casa colleu lei;
ten seu niño n' uns ramos moi refeito,
come zreixas, mazáns, figos â eito,
de cotío contento com' un rei.


Que o herdeiro lle quêr e aloumiña
ben o sabe o merlo cantador;
as costumes coñece da casaña,
ten amigos xa vellos na cucuña
que n' esquecen tratál-o do millor.

N' outro tempo, cal hospe prisioneiro,
en dourada gayola xa se veu;
foi destonces o dono vinculeiro
o seu mestre na música primeiro,
e a subial-a muiñeira deprendeou.

Por eso ora s' escoita satisfeito
a muiñeira decote desfiar,
anunciando o abrete; d' este xeito
deixa o dono seu mol e quente leito
i-home e merlo confunden seu cantar.

No eixido da casa vinculeira
vive un merlo, xa vello cantador,
que desfía de cote unha muiñeira
nos abrentes xentís da primaveira,
cando esbrochan os albres a dar flor.





A TARDE VAISE

A TABLE

A TARDE VAISE

A tarde vaise.
Alá n' aldea
chora unha dona
diant' o cadavre da sua filla,
que, pomba nova,
de mal d'amores morreu ferida
deixándoa soia.


Chove e fai vento.
O campaneiro
a morto dobra.

Unhas mulleres van choricando
pol-a congostra
trás catro vellos que o cadaleito
levan da moza.

Salmeou o crego un *Dies irae*,
logo, con cordas
baixano a caixa da cova ô fondo,
onde d' estoncias
duas caliveras fanlle os honores
â rir cal tolas.



MEU DOR



MEU DOR

I

Cando alguén se doi do corpo,
ôs homes de cencia acode
pra que o escoiten, o apalpen,
e o sanden d' aquel dore;
mais, s' é que un se doi da i-alma,
¿a quén se acode?

Un mal cativo alá dentro
de mín d' hai tempo que roe,
con un roer tan extrano,
con un roer tan treidore,
que, bén sexa noite ou día,
na casa ou fora me atope,
esperto ou dormento esteña,
él en mín rila de cote,
e de cote me atromenta
con tromentos os mais fortes.
¿Quén d' este meu dôr,^{*} decide,
sandarme pode?

Percorrín moitas cibdades
na precura dos doutores,
mais, de todos, nin un soio
acertoume co meu dore.

Déronme herbas a pasto;
comín caldo feito en pote

virxe, e con unto de cobra;
bebín ágoa en sete fontes;
visitei trece cruceiros,
das doce á unha da noite;
puxéronme os esconxuros;
vín confesarse a dous monxes;
ouín tocar cén campanas,
todas en difrentes torres;
fun ofrecido ô San Campio,
e ô San Andrés de lonxe;
ô Corpiño, ô Pedro Mártir,
e a Xende, a andar de cote;
de xionllos subín â Grela
co a procesión pol-o monte;
mais o mal sempre a roer
e a rilar sempre mais forte.
¡Pra mín xa non hai meiciña!

¿A quén se acode?

II

Cántame cantigas de facer chorar.

.....

Cántame cantigas de dormir, sonhar!..

(GUERRA JUNQUEIRO: *Os simples*).


Ouh tí, nena de ollos meigos
e mouros coma o meu dore,
¿por qué esa cantiga cantas,
tan triste ôn tempo e tan doce?

Non cantes esa cantiga,
eu che prego, pois revolves
alá no fondo mais fondo
recordos, bágoas..., amores.

Mais, ¡ouh! ¿Tí choras? ¿Qué tés?
¿Tamén tí seica te does?

.
.

Canta, canta esa cantiga,
tan triste ôn tempo e tan doce,
meniña dos ollos meigos
e mouros coma o meu dore.



PRIMAVERA

PRINTED IN GREAT BRITAIN

PRIMA VEIRA

Xa os cogollos esbrochan das roseiras
e a campía se cobre de verdor;
xa os rapaces por fragas e silveiras
buscan niños de merlo e reiseñor.


Pol-os montes, por vales e riveiras
vai a vida mostrando seu fervor,
esparxendo fartura pol-as leiras
e nas casas deixando paz e amor.

Xuventude...! Galicia...! Primavera...!
Novas roitas abertas, e a bandeira
frameando da santa *Redención*...

As vontades unidas n' unha soia
co vencello da Fé, qu' é sagra xoia,
je pra todos namais un corazón...!



VÍTIMAS



VÍTIMAS

Pra os galegos emigrados alén-mar.

I

—¡Pepiño..., Pepiño...!

—Nanai, ¿qué me quer?

—N' hai leña, filliño,

e vai a chover.

—Pois cale, señora,

que a vou apañar

i-en menos d'unha hora

de volta hei d'estar.

Vosté non s'afane
nin sofra por nada...
¡Namentras non sane
s'esté descansada...!
—Pois vaite, filliño,
e non tardes moito;
¡a ver, meu santiño,
s'escapas enxoito...!

II

—Que non me afane nin sofra,
e que m'esté descansada.
¡Qué mais me ha de decir él,
filliño da miña i-alma!
¡Descansada...? ¡Foron tempos...!
¡Qué non padeza...? ¡Tén trazas...?
¡Cómo n'hei d'acorar eu,
vítima d'esa canalla

que se alcuma caciquismo
e non s'adica a mais nada
que a apremear ô infelís
con terribres... crués xudiadas...?

Porque aquelas eleiciós
o meu home non votara
pra quen quería don... ¡beizos,
non pronunciedes tal fala!,
encolo de nos caíron
como cans n' unha preada...!
Eles matano ô abade,
porqu' escontra predicaba
da sua infernal doutrina...,
das suas atrós fazañas...,
e dimpois, como o diñeiro
n'este mundo todo achanza,
buscано testigos falsos
pra que con tesón xuraran

diante o xuez, que, como eles,
era un xuez sin entranas,
que o meu fillo e mais seu pai
—¿cómo n'hei de verter bágoas?—
foran os que deran morte
ô crego.—¡Siñor, vinganza!—
¿Asesinos eles...? ¡¡Non!!
¿Sacrílegos...? ¡Virxe santa,
tí sabes que a nosa sangue
n'era de xente lixada...!

—*¡Qué demuestren su inocencia!*
—¿E pra qué...? ¡Non precisaban...!
¡Vós sí que non podiades
legalmente demostrál-a...!
Mais, tiñades pol-o rabo
a sartén ben apreixada,
e fixestes que o inocente
cos vosos crimes pandara...

—¿Niegan que han sido? ¡Entonces
que prueben la coartada!

—¡Probad'a tiñan! Conmigo
topábanse os dous na casa,
entramentras cabo á igrexa
o crime se perpetraba...
¡Pró, empeñástesvos todos,
e saístedes co a trama...!

¡N' houbo salvación posibre...!
Vendemos veigas e vacas
pra pagar os moitos gastos
que co esto s' oucasionaran;
e ô fallo —¿e inda vivo?,
¿n' hei d' estar esconsolada?—
ô cabo, ôs dous inocentes,
anacos da miña i-alma,
os mirei ir a un presidio
a purgar alleas faltas,

mentras qu' eu eiquí quedei
pol-as portas..., ¡desherdada...!,
de toda a xente esquecida,
e sin crêto... ¡pró, sin mancha...!

¡Enferrollados na carce...!
¿E n'adoezo...? ¡Disgracia...!
En compañía de Pepiño,
qu' alenta as miñas espranzas,
vivindo vou, cal d'esmola,
de morrer soio co as ánseas,
deitada n'estes follatos...,
co esta frebe que n'acaba
¡de arrincarme a pouca vida
qu' inda me queda e m'amarga...!

III

— ¡Santa Bárbara bendita...!
¡Pepiño...! ¡Non é...! ¡Lostrega,
i-este meu fillo non chega!
¡Cánto tarda...! ¡Santa Rita...!

Anoitece: ¡Cómo arría...!
¡E eu con frebe, Dios mío...!
¡Ardo en calor...! ¡Sinto frío...!
¡Ampárao, Virxe María...!

Non se ouce inda... O vento brúa...
Meu filliño, ¿ónde estarás...?
¿Cousa boa tí terás...?
¡Noite pecha...! ¡Non hai lúa...!

¡Vou trás d'él! ¡Outro pouquiño...!
Abreuse o portal... ¡Escoita...!
¡Foi o vento...! Non adoita
tardar tanto o meu Pepiño...

¡Azo, pois...! ¡Fora...! ¡Son nai,
 e él é un anaco meu...!
 ¡Non acougo...! E que o Ceu
 me pregunta: ¿dónde vai...?

¿Car'â ond'eu irei? ¡Dios santo,
 guiaime! Virxe do Carme,
 vinde o meu lado ampararme!
 ¡Morrer ond' él!... ¡Non aguanto!...

 ¡Que caio!... ¡ai!... ¡Non me le...van...to!...

IV


Era cedo. A xente tornaba
 en tandas da misa,
que, domingo cand' é, i-aquel era,
 van todos ouil-a.
Mais, chegados que foron a aldea,
 lles dou tía Xacinta,
—que da chouza xa viña, onde fora
 leval-as vaquiñas—
abraiad'a notiza que a Chuca
 mirara tendida
pé d'un albre, que un raio rachara
 do fondo hastr'a cima,
cabo a aberta que a ágoa conduce
 pr' ôs muiños da Birta.
—Eu, lles dixo, d'alí arredeime,
 pois medo sentía,
e Dios faga que certo non sexa,
 mais... ¡coido n'é viva!

Pol-o fillo chamano da Chuca,
que non os ouíra
anque un ano chamaran arreo
con cant' alma tiñan...
Logo, todos—¡ni-un soio quedaba!—
co a tía Xacinta
cara ô sitio, donde ela dixera
que a Chuca xacía,
âs carreiras colleron, anqu'era
d'alí moi cerquiña.

—¡Ouh disgracia, â unha escramaron,
ouh cousa non vista!
¡Ouh castigo, quizaves, mandado
de Dios pol-a ira!...
¡Fra certo! Non se trabucara,
non, tía Xacinta.
¡Alí estaba a Chuca, cadavre,
de costas pra riba,

abrazada ô fillo, que d'ela
debaixo, sin vida
se miraba, metá xa da cara
n'area afundida,
que pra alí arrastrando levaran
xurradas da víspera;
je tan negro..., tan negro, Dios santo,
que o seu corpo un carbón parecía!...

1923



INOCENCIA

INGENIO

INOCENCIA


- Nanai Rosa, o meniño inda dorme.
—Pois, quedíños; deixaio dormir.
—¿E acochámol-o por mor do frío?
—Acochádeo, e fuxide d' ahí.

- ¿Por qué choras, nanai? ¿Qué tiveche?
—¡Vos matástel-o neno, bribóns!
¡Non viades que así afogaba?
—Nanai Rosa, ¿e sería o *Cocón*?

- Rapaciño, ¿onde vai o meniño?
—Morreu onte, e no ceo xa está.
—¡Afogástel-o vos ô cochal-o!
—Nos non fomos. ¡Que o diga nanai!...



ACOARELA




ACOARELA

A xente, de trafego,
facendo a sementeira;
o sol, peiteando enriba
sua roiba cabeleira.
No ar dependurada,
borracha d'alegría,
fai a laberca a xornada
do día.

Pol-a estrada a correr
unha poeira branca:
do motor o progreso
que a cento vinte alanca...
A soma refrescante
do mesto piñeirral
devaleira Amor galante
seu carcax.

Trouxo a nova o rapaz
que fora pol-a avenza:
o automobile do Pazo
escachado en Fervenza...
Alegría n' aldea...
Unha vella alledada
dille ô can que rebrinca na cadea:
¡Oxe tés preada!...

O ESPELLO



O ESPELLO

(REMORSOS D'UN VELLO)

¡Tempos aqueles que xa fuxiron,
que xa se foron pra non volver!
Xa cantas veces ¡ai! me feriron
os resultados d' aquel pracer.

Agora é tarde. Vou indo vello:
éme imposible xa atrás tornar.
Mociños novos, sonvos o espello
no que debedes Bén vos mirar.


Eu fixen moitas cando era mozo,
fun, cal son moitos, un toleirón;
oxe me pesa, pois xa conozo
os froitos d' eso que amargos son.

Nas loitas era sempre o primeiro;
as millors mozas tíñas tamén;
mais, ora son xa un vellouqueiro,
ou, millor dito, ¡non son ninguén!

Praceres, gustos... ¡cantos eu quixen!
Pra este meu corpo nada faltou.
Pro, vede agora que do que fixen
os resultados pagando estou.

Gocei de mozo. Sufro de vello
os amargores d' aquel gozar.
Mozos d' agora, ¡eis aquí o espello
pra a todas horas n' él vos mirar!...

MARUXA



MARUXA

Xa tí rías, — xa tí chores,
xa te poñas — a cantar;
en tí sempre — os reiseñores
tén d' abondo — qu' envexar.

Maruxiña xentil e garbosa,
xeitosa rapaza,
tí él-o orgullo da terriña nosa,
tí a i-alma da raza.

Dos teus beizos bermellos e roxos
a sangue garexa;
nos teus ollos seu chan, todo antoxos,
Galicia refrexa.

D'agarimos, amores, dozuras,
—doce melodía—
teu falar, qu' é falar de venturas,
celeste armonía.


O teu corpo cal xunco brandeas,
a gaita en tocando,
nas cibdades, nas vilas e aldeas,
todos t' admirando.

De tí os mozos â treu se namoran,
¡qu' és moita muller!
e sorrisos pra cantos t' adoran
de cote has de ter.

Meiga Maruxiña,
garrida rapaza,
a i-alma da raza
en tí xa encarnou.
Tí és toda morriña,
tí és toda ledicia;
tí, a mesma Galicia,
qu' en tí se trocou...



SOSPIROS DE EMIGRADO



SOSPIROS DE EMIGRADO

Pra Pego Castro.

Galicia,

berce dos meus amores,
xardín de frores,
patrio fogar;

Nas aras

do altar do meu peito
latexa a eito
o afán de a tí voar.

Nai santa,

que no teu doce colo
me deche arrollo,
vida e calor;

Pra tí

teu fillo d' esta banda
oxe che manda
santos beixos d' amor.

Pra tí

cobizando sustento,
con sentimento
te abandonei;

D'estonces,

 magoado da morriña,
 de dor, naiciña,
 bagullas que chorei...

Non vexo

 aquí aquelas veigas
 fertís e meigas,
 que n' esa hai;

Nin teño

 a quen contar meus dores
 e desabores,
 nin consolos de nai...

Anduriña,

 cando ¡ai! na primaveira
 chegues voando lixeira
 â aquel xardín;

Non t' esquezas


de ir â miña casaña,

e â coitada naiciña

bicar d' amor por mín!...



AS MIÑAS CANAS



AS MIÑAS . CANAS

A tí, que fuches quen arrearaches
en mín os tres primeiros fios de prata
e quixeches arrincarmos... ¿Lémbra-
te?... A tí, que conseguiches facer que
aquela sera deixaxe fondos recordos
na uchiña do mei peito, van istes ver-
sos. O lelos, terás de evocar aqués
momentos... Cativos son, por seren
meus; mais xuro que tí has de achal-os
os millores. Abonda, pois. Doume xa
por satisfeito.

¡Miñas tres primeiras canas,
meus prateados cabelos,
que vindes de mozo
trocar-me n' un vello!

¿Por qué temerosos chegades?, decide,
¿ou é que vergonza sentides e medo?

¡Brotade con brío,
chegá sin recelo!

Non sôs resultado
dos anos qu' eu teño,
mais sí do gran feixe de mágoas e dores,
que o meu fado adverso
enriba botoume das costas
e casque non rexo.

Vos sódel-a neve
dos recios invernos,
que ¡ai! troncharon os gromos noviños
dos meus pensamentos.

Co curisco vindes,
que ¡ai! esgazou fero
a galliña tenra, donde encomenzara
—sua carce rompendo—

a frolecer a rosiña santa,
 ¡a santa rosiña d' espiñas d' aceiro!...

.

¡Bén vidos, meus fíos de prata!
 ¡Brotade con brío,
 chegá sin recelo!
 que, por serdes froito de dores e mágoas,
 ¡ouh, cómo eu vos amo!
 ¡ouh, cómo eu vos quero!

Do eterno loitar,
 do bregar sin termo
 contra do malfadado destino
 vos sódel-o prémeo.

Chegás inda oxe,
 pró, debestes chegar xa d'hai tempo,
 que moito hai que loito,
 que moito hai que brego.

Meus fíos de prata,
meus brancos cabelos,
¡ouh, cómo eu vos amo!
¡ouh, cómo eu vos quero!


Tal os mártires aman a cróa
que atopan no Ceo,
a cróa que Dios lles ofrece
como prémeo dos feros tormentos,
que acó n'esta vida
acoller resinados souperon.

¿Por qué temerosos chegades?, decide,
¡ou é que vergonza sentides e medo?

Brotade con brío,
chegá sin recelo;

que, por serdes froito de mágoas e dores,
¡ouh, cómo eu vos amo!
¡ouh, cómo eu vos quero...!

TRIP-TICO



AGOIROS DE MORTE

O moucho, que espalla no pinal veciño
berros agoirentos. Logo, un can que oubea,
cal no ar ventando farturenta prea
de carne fedenta, pra ô norte o fuciño.

Un cheiro de cera por xunt' o camiño
moi forte sinteuse; e a Santa Estadea
rondou pol-a noite o fondo d' aldea
por diante da porta de cás de Soutiño.

¡Diol-a colla en gracia! ¡E tan nova inda!
De total-as mozas ela era a mais linda.
Nin siquera unha queda do seu xeito.

¡Quén onte o dixera!... ¡Doulle de repente!...
Ouín e mirei: un fato de xente
e unha nai chorando trás un cadaleito.



O TREBÓN

Fora o vento berrega enfurecido,
dos carballos nas ponlas ô batere,
e un raio, que ô chán baixa a morrere,
no ar describe un zigzag encendido.

Estala o trono n' un ronco estampido,
e hastra a terra parece estremecere.
¡Asolaga!... Empeza o río a enchere.
Fecha a noite... No escuro oise un laído.

Pol-a mañán, un sol de primaveira.
A xente, sin preguiza, deixa a cama,
os estragos chorando do trebón.

Na congostra, da sua casa â veira,
panza abaixo e a cara envolta en lama,
é un cadavre o corpo do tío Antón.



ABRENTE

Xa amainando seu brilo vai o luceiro;
xa d' aurora vai vindo o resprandor,
e, pousado na galla d' un salgueiro,
s' espreguiza tamén o reiseñor.


Avantando ven xa por tral-o outeiro
o rei astro —xa todo ten color—
i-espaxe na terra pracenteiro
os seus raios de vida, luz e amor.

Xa o gaiteiro tocando está a alborada,
e a colandra xa canta na valgada:
¡Ala, nenas, deixade o leito mol!

As campaiñas do gando tringuelean
e as pingotas de orballo éscentilean,
ô sentirse bicadas pol-o sol.



LIRICA



LÍRICA

Nena das falas mimosas,
pombiña branca e sinxela,
a dos ollos azuados
e da risa garuleira;
nena dos ledos decires,
nena das olladas meigas,
¿por qué meu amor n' acolles?,
¿por qué meu amor desprezas?,
¿por qué manteste indiferente?,
¿por qué te rís treizoeira?...

Foi unha sera de Abril,
en que a ollei por vez primeira.

Falamos longo, moi longo;
xuramos... Non, non quixera
chamarlle, inda así, perxura;
mais sí, xurei, xuroume ela
non treizoar meu cariño,
ser miña fiel compañeira.

Sentados na verde alfombra,
que â veira do Umia medra,
ô pé d' un vello salgueiro,
que tende d' unha â outra orela
os seus brazos sarmentosos
nos que acena a primavera,
parolamos..., parolamos
moitas veces dende aquela.

Eran d' amor, de cariño
sômente as nosas conversas.

Corría maino, mainiño,
o río, tal s' él quixera
non interrumpil-o idilio
d' aquela feliz parexa.
¡Era nosa dita moita!
¡Era nosa dita inmensa!
As nosas máns enlazadas,
tremantes d' amor, e â presa
dous corazós latexando
c' un mesmo ritmo... N' acertan
a expresar tanta emoción
as falas, e así sondean
os meus ollos nos seus ollos,
onde o amor meu se refrexa...

Esmorece a tarde. O sol
traspón pouco a pouco a serra,
e trás do hourizonte afúndese
a proseguir sua carreira.

Nas ramiñas d' un salgueiro
debullla unhas notas ledas
un chinchín enamorado,
acarón da compañeira.
Torna pr' â casa o pastor
arrecadando as ovellas;
no fondo da corredoira
un carro canta. ¡Ei, xuvenca!,
berra o carreteiro, ô tempo
que un aturuxo no ar deixa,
cal berro de desafío
da vella raza dos celtas.

Un alalá doce e maino
e outro aturuxo a nos chega,
mentras chaman a oración
as campás de Codeseda.

—¡Canto che quero, ruliña!
¡Qué feliz son â tua veira!

—¿Hásme querer sempre así?
—Sempre así, meu bén. ¡Eterna
é miña alma, e meu cariño
eterno pra tí como ela!...

Así un cariño xurdira
e así as chamaz s' acenderan
d' ese amor subido e forte,
que a dous corazós acerca,
a duas vidas confunde
e a duas almas estreita.

Pombiña dos meus amores,
neniña das falas ledas,
¿por qué meu amor n' acolles?
¿por qué meu amor desprezas?


Toda por fora ledicia,
toda por dentro tristeza,
oxe xa sei que non fuche

perxura, e sei qu' inda medra
o teu cariño pra mín,
qu' é finxida tua indifrenza.

As léngoas marmuradoras
dixéronche, mintireiras,
que o meu amor era d' outra,
que tí pra mín ninguén eras.

Sei que non fomos perxuros,
sei que xuramos de veras,
nena dos ledos decires,
nena das olladas meigas.

ALBORADA



ALBORADA

¡Hosanna, galegos! Cantemos sin medo,
co curazón ledó,
ô novo Moisés.

¡Hosanna! O Tirano ferido agoniza,
e a nobre Galiza
xa é libre outra ves.

Xa s' ouce a campana tocar d' alegría,
cal na romaría
do santo patrón;
e todos entenden que n' eses repiques
nos dí que os caciques
o que eran non son.

O sol da Galiza mais craro xa brila,
i-é porque na vila
finou o señor;
xa en total-as bandas s' escoita a alborada
que anuncia a chegada
d' un tempo millor.

Ouh bardos, poetas..., no outo do Ceo
do voso desexo
o berro s'ouceu;
e Dios, atendendô, mandou de repente
un raio que â xente
non santa fireu.

¡Ouh celtas escravos, de vinga sedentos,
xa non mais lamentos,
xa non mais chorar;
que rotas xa tedes as fortes cadeas,
e as sagras ideas
podés xa ceibar!

¡Ben lonxe! No monte, cavade un burato,
pra n' él ese fato
de mortos botar.
Mais tede ben tino non quede buxeiro,
pois temo que o cheiro
nos veña apestar...


E logo, enterrados, termade que un verme
—poidera ser xerme—
non salla d' alí;
e así nosos fillos, s' é que isto facemos,
xa non os veremos
fuxir mais d' aquí.

¡Hosanna, galegos! Cantemos sin medo,
co curazón ledo,
ô Libertador.

¡Xa en toda Galiza s' escoita a alborada,
que anuncia a chegada
d' un tempo millor!...



PAISAXE DO LUSCO E FUSCO



PAISAXE DO LUSCO E FUSCO

Na galliña d' un salgueiro
o merlo tece sua cántiga,
entramentras baixa o sol,
mainiño, trás das montanas.

As somas van estricando,
lentiñamente, suas azas,
a Natureza afundindo
na noite escura e calada.


Detrás dos outos penedos
êrse a lua aluarada,
inqueda, lanzal, altiva,
rindo tola âs gargalladas.

Aferrolladal-as portas,
metida a avenza nas coadras,
a xente dorme tranquía,
rendida pol-a labranza.

Trás da fiestra unha nena
inquire, abesulla, agarda...
Na revolta do camiño
escóitanse unhas pisadas:

Zampouse Antón do Currelo
de tía Chinta na casa.

RUADA



RUADA

Érguese a lúa amodiño
por trás dos outos petoutos.
Debaixo da tua fenestra,
Maruxiña, espera un mozo.

Achégate ô peitoril
pra escoitar unhas cantigas.
¡Que encendan en tí o amor
é o que este mozo cobiza!

¡Ai!, nos teus ollos,
pelras escuras,
eu quixera ollar os refrexos
das coitas tuas.

Tamén quixera
que as tuas miradas
devolvesen ô meu corazón
o sosego que hai tempo lle falta.


Pasan os mozos de troula
cantando copras d' amor,
copras que voan, cal pombas,
camiño d' un corazón.

Cántigas d' amor aceso,
antre sospiros e bágoas,
son as que eu oxe che canto
ô pé da tua solaina.


Alma de roca,
de roca o peito,
Maruxiña, e o teu corazón
de duro xeixo.

Ingrata nena
dos meus amores,
¡ai!, non sabes de mágoas d' amor;
¡ai!, non sabes do penar mais forte.





¡INDA O DIAÑO!



¡INDA O DIAÑO!

—¿Cónque te casas, Rosiña,
en facendo a recolleita?

—N' ó nego, señá Marica;
mais, van sendo horas, afellas,
s' é que non hei de quedar,
pra vestir santos, solteira.

—E logo ¿qué anos tés xa?,
porque moitos n' aparentas.

—Voulle indo pra os vintecinco;
prâ metá xa dos cincoenta.

—Pois n' é moito. Vintanove
tíñaos eu.

—¿E cántos leva

vosté logo de casada?

—Bótalle a conta: setenta

fago aló para xaneiro.

—Destonces, coase corenta.

—Inda me faltan dez meses.

—Pois, n' a facía tan vella.

—S' eu me vexo do teu tempo,
destonces... ¡ei recentellas!

—Noh, cando oxe inda é así,
¡cómo sería d' aquela!...

—N' eso sóbrache razón:

tiña os mozos â moreas

i-en catro légoas â roda

pr' âs mozas soio era envexa.

Vestida co meu refaixo

e a miña chaqueta negra,

co aquês adornos tan chuscos

e aquelas cintas de seda;

cos meus zoquiños ben feitos,
—todo era zocos d' aquela—
as miñas médias de lán,
e aquel meu pano canela...,
ô verme entrar no turreiro,
co a miña roupa das festas,
todos poñían os ollos
en mín, tal se fose a reina;
e... ¡cómo se degaraban
os máis por facerme as veiras!...
—Tamén arranxou bó mozo,
que o señor Pedro poidera
inda oxe, e mais é un vello,
atopar quen o quixera.
—¡Tó, vaca, tó!... O meu Pedro,
—pregunta quen foi n' aldea—
mais... tíñache soio un defecto:
¡padecía de celeira!...

—¿Quén é aquel mozo, Rosiña,
que ven, na man co a monteira?


—¡Qué vista tén! Pois aquel
é lle o meu galán.

—Logo, ¡eia!,
vóucheme d' aquí.

—¿Por qué?
Non se marche. Mire..., veña,
qu' él non lle come a ninguén.
Volva aquí.

—Non; teño presa.
Sei o que son estas citas...,
téñoche moita experiencia...,
e, ademáis, coma ô meu Pedro
inda lle dura a celeira...
Adiós, adiós. ¡Coidadiño!...
—¡Inda o diaño!... ¡Quén che dera!...

FAISCAS



ET VERBUM CARO FACTUM EST

Coa lixeireza do raio,
en maxestade envolveito,
fendeu o espazo insondabre
Gabriel, mandado do Ceo.

Na sua homilde casiña,
María de Nazaret
en amorosos deliquios
deixa sua i-alma perder.

Escrava son de Dios, dixo,
ouvindo as verbas do anxo.
¡E foi nas suas entranas
entón o Verbo encarnado!



¡FAI, BON DIOS!...

Sobre da terra, o mantelo
esfiañado da néboa;
sobre sua i-alma, os farrapos
escuros da duda negra.

Os bicos mornos do sol
esfanse as néboas da terra;
mais os farrapos da duda
da sua i-alma non se arredan.

¡Fai, Bon Dios, que sea bicada
pol-o Sol de luz eterna!...

NON SEI

Non sei por qué te quixo, por qué t' amou n' outrora,
nin sei por qué te odia e te desprecia agora.

Misterios son da vida que a penetrar n' acerto
e mostran que acó embaixo nada hai estabre e certo.

Antre néboas escuras nosos días pasamos,
sin pensar donde vimos nin pensar pra onde vamos.

A par de nós camiña a seca e irta Morte.
¡Felices, si acadamos a derradeira Sorte!...

LUBRICAN

Xurdeu a man misteriosa,
dorida das bágoas miñas;
correu o velo escurado
no que a Noite m' escondía,
e luceu mainiña, maina,
a luz dourada do Día.

O MIRAGRO

Foi un cadoiro de luz
que baixou do Ceo outo,
o que en mín fixo o miragro,
o que a mín trocoume n' outro.

Miña alma, d' entón ferida
por luz tan resprandecente,
escoitou unha voz queda
que a chamaba a que se erguese:

Erte xa, ouh miña amiga,
d' ese teu sono desperta;
olla o día en derredor,
olla que a noite te deixa.

Erte, ouh meiga Sulamiña,
e xa mais non te adormezas,
que, dormenta, te rondaba
o lobo que sempre axexa.

A chamarte ven teu dono,
de quén d' hai tempo te aleixas.
Erte e ven cabo de mín,
êrte, ouh Sulamiña meiga.

Miña alma espertou, chamada
por voz tan melosa e tenra.
Ergueuse, e veu que surrindo
estaba o sêu dono â veira.

Perdón, lle pregou, ¡ouh tola
de mín, por durmirme! Deixa
que axoellada te bique,
que sempre contigo esteña.

¡Ouh, cómo agora miña alma
é feliz cando se deita
nos brazos do Bén-amado!...
¡Ouh como El surrille a ela!...

Foi un cadoiro de luz
que baixou de Ceo outo,
o que en mín fixo o miragro,
o que a mín trocoume n' outro.

FOI UN BICO

Foi un bico de luz, dende o outo ceo
de sócato baixado,
o que espertou sua i-alma adormecida
e soergueu seus decaídos azos
e as feridas cerrou que n' él abriran
os feros desengaños,
e acougo trouxe ô seu magoado peito,
terrenales arelas e degaros
amortecendo, e frolecendo, en troques,
os entusiasmos sagros

por todo canto é santo i-é divino,
por todo canto é homilde i-é cristiano.

Foi un bico de luz.


E houbo festas
nos ceos e na terra.

Cal San Paulo,
caeu ferido pol-a luz divina:

¡Foi por Xesús chamado!



BÁGOAS



BÁGOAS

In memoriam.

Cal a ponla que o vento abanea,
azouta o curisco e do inverno se rí;
así tí, sulagada en esperanzas,
e de vida e de fe toda chea,
avantabas de cote surrindo
de cara ô porvir.

Cal coluna que o teito sustiña
sin que o peso a fixera torcer;
así tí, toda esforzos e azo,
capaz eras a nosa casiña
sempre ergueita e inzando a cotío
tamén a soste.

Foi a ponla enxertada, e un gromiño
ôs boquiños do sol ofreceu;
pró, en chegando do inverno as xiadas
e os curiscos, coitada, amodiño
foi sin forzas quedando, e ô fallo
na terra caeu.

¡Día bênto en que viche teu soño
realizarse ô sentíreste nai!
Cobizado naceu de tí o froito
d' amor casto; pró, nada o retoño,
sucumbiches ô sopro do vento
que as vidas esfai.

¿Qué facer xa sin tí no vindeiro,
irmán santa, naiciña pra mín?
Mergullada miña alma está en loito,
i-encravada unha espiña d' aceiro
n-ela teño ende a hora cativa
en que ¡ai! te perdín.


Soio vivo, vivindo antre a xente,
c' unha mágoa no peito a roer.
As noitebras encóbrenme o espírito,
e, ô coidarme de tí tan ausente,
eu quixera no Alén afundirme,
quixera morrer.

¡Malfadado meu sino!... Un regueiro
os meus ollos deberan verter.
¡Non poder, irmanciña querida,
recibir teu adiós derradeiro
nin tampouco teu último abrazo
poder recoller!...

Teu recordo me acora a cotío,
i-en ningures atopo solaz.
Xa meu corpo unha frebe esterrece,
xa debezo e tiritito de frío,
ou dormento me quedo en algures
contigo a soñar.

¡Cariñenta unha ollada che prego
para todol-os teus e pra mín!
Xa n-atopo, irmanciña, consolos
acó embaixo, que tí meu achego
eras soia, e achego non teño
desque ¡ai! te perdín...

NADAL



NADAL

I

Por antre os touzales, de cote descalzo,
tornando da avenza, coidando do gando.

Durmindo nas pallas, baixo d' un pesebre,
e con estreliñas erguéndose sempre.

Seu fiel compañeiro, con quen s' entretiña,
o Tulo, co Tulo seu pan compartía.

Así un día e outro, unha noite e outra,
hastra que a Traxedia lles foi caridosa.

II

Noite de Nadal, noite escura e fera.
Tulo e o pecoreiro ô Pazo non chegan.

Mais de tal ausencia ninguén se decata.
Oise a Panxoliña que dous mozos cantan.

Neva, e brúa o vento fora que esterrece,
namentras no Pazo se folga e se bebe.

Día de Nadal, ô pé d' un valado,
o pecoreiriño que coidaba o gando,

engoumado, exánime, de neve cuberto,
e cabo él, o Tulo, seu fiel compañeiro.

NAI

N A I

Os que me deron o ser,
na lembranza sagra da ir-
manciña.


Ouh nome doce, feiticeiro e sagro,
agarimoso nome de muller
que sentimos nos beizos cal miragro
na nosa edá primeira frolecer.

Nome, belo poema onde se encerra
canto de grande e santo hai baixo os Ceus;
escaleiriña sagra por que â terra,
pra darse pol-os homes, baixou Deus.

Nome qu' é todo amor e caridade,
todo heroísmo, fé i-abnegación:
nome, que ergueu a Dios a Humanidade
dende a data feliz da Encarnación.

Por sempre beizoado, nome sagro,
agarimoso nome de muller,
que sentín nos meus beizos cal miragro
na miña edá primeira frolecer.

!! IRMANCIÑA !!



¡¡IRMANCIÑA!!...

Foi n' aurora d' un día de festa
pra os que crên:

De España
a Santa Patrona.

Foi a Inmaculada
que quixo levarte no seu día.

Foras
xa n' él bautizada.

¡Triste aniversario
foi pra mín este ano, miña irmán da i-alma!
Deixáchesme soio, e voache ô Ceo!

¡Ai! xa non me falas
con aquel cariño e aquela dozura
con que me falabas,
en véndome triste, queixoso e sin azos
pra vivir.

¡Faltara
antes eu que tí!
Mais a morte ingrata
nin siquera quixo que adiós me dixeses.

A noticia amarga
chegou pol-o aramio, cruel, inesperada.
¡Fuxira do mundo
miña irmán da i-alma!
Cadavre o teu corpo
cando eu cheguei era antre catro táboas.

Meus beizos quixeron
o calor volverche que de tí marchara.

Chameite, Emiliña,
e non me escoitabas.

Destonces creín-o, soupén qu' era certo,
¡ai! e acedas bágoas
caíron a rego das miñas meixelas
nas tuas, xa pálidas.

Dende aquela noite,
cal non outra amarga,
sinto que un curruncho no fondo da i-alma
non quere alegrías, non quere consolos,
nin siquera espranzas.

Deixáchesme soio, e no mundo vivo
igoal que un pantasma.


¿Soio?

Un anxeliño
hai que alegre a casa
rindo e rebuldando, sin notar, coitado,
de sua nai a falta.

Todol-o queremos, todol-o adouramos
¡Mesmo é unha monada!

Mais cando eu te collo, meu afilladiño,
dos ollos as bágoas sin sentir m' esbaran.
¡Ai, que tí non sabes que era tua naiciña
miña irmán da i-alma!...

ANCEIOS



ANCEIOS

Son os teus ollos cereixas
das que eu quixera fartarme,
pra vivir sempre contento,
véndote de cote a Tí.

Hai nos teus beizos surrisos
d' un sol risoño d' abril,
i-eu quero n' eles queimarme
e que Tí avéntel-a cinza.

As tuas mans de raíña
deitan favores sen conto;
dóname, Nai, unha esmola,
que son mendigo d' amor.

Mel levan as falas túas
ôs corazós deloridos;
meu corazón é unha mágoa
en espera do teu bálsamo.

Cando a Tí ergo meus ollos,
miña ourazón é pregaría;
son outro Santo dos Croques
de xionllos na Soledá.

Revoar nos teus ensoños
hastra queimar miñas azas
nas chamas do Degarado...
¡Eis o que arelo de tí!...

MORRIÑA

MORRIÑA

Pra meu tío Gerardo Vázquez,
con filial cariño.

Terra nai, verdecente Galicia!
Añoranzas da vida de neno!
Xuventude folgada!... Leticia!
Miña aldea! Meu ceo pequeno!

Cal trebón hastra mín vos chegades,
ouh recordos dos tempos millores,
a cotío, e a cotío atopades
na miñ' alma mais feros doores.

Chagas novas abertas no peito
cada día deixás, ¡ai de mín!,
e as meixelas m' aburan a oito
miñas bágoas acedas sin fin.

¡Ouh lembranza! No porto unha nave,
—do Poeta o «negreiro vapor»—
xente e xente a tragar, e non sabe
tanta xente onde vai. ¡Forte dor!

Pais e fillos... Mulleres e nenos...
Antre adioses, acedo chorar.
Dimpois, ...soio de panos acenos
e o «negreiro» a fuxir pol-o mar.

Coitadiña da nai que aló espera
a chegada do fillo querido.
¡Ai! Non sabe que ô probe a mais fera
das doenzas o ten mal-ferido.

¡Ouh, se a sorte, lixeira anduriña,
a Galicia tuas azas guiara;
por tí un bico d' amor â naiciña,
e unha aperta pra ela mandara!

Mais, se o sono xa eterno souperas
que ela dorme, non ouses voltar;
que ¡ai! a morte pra mín me trouxeras,
i-eu morrer soio arelo alén-mar.

Terra nai, verdecente Galicia!
Añoranzas dos días millores!
Onte, neno, pra mín só ledicia;
oxe, home, pra mín só amargores!...



MÁGOAS

MAISON

M A G O A S

Pra meu irmán.

¡Ouh río Umia, feitizado río,
que, sempre que t' eu vexo, en mín espertas
meus tempos ledos e o relembro sagro
da miña edá primeira!

Non parece senón que antre os pregues
das tuas ondas, que mainas escorregan,
envolves o millor da miña vida,
días de xolda e infancia rebuldeira,
pra il-o mergullando do pasado
no escuro mar sin fondo e sin orelas.

Ouh, cántas veces, cántas, indo â escola,
xoguei c' outros rapaces nas tuas veiras
â panda, ô pimpón e outros xogos,
sin esquencel-o trompo e a estornela.
Ouh, Ponte d' Abragán e corredoiras
de Fontenlo e a Devesa;
congostras e currunchos agachados
no fondo da Regueira,
¿ónde van aqueles días?, ¿ónde
a ledicia e o rebuldar d' aquela?
Fuxiron, sí, pra sempre e máis non volven.
¡Canté s' inda volveran!

¡Canté, s' inda volveran e de novo
pra mín tornara aquela edá primeira,
sin que os doores mouros
nin as congoxas feras
cravasen suas gadoupas afiadas
na esconsolada i-alma do poeta!

¡Canté, s' inda volveran aquêd días
e co-eles outra vez tamén volvera
a ledicia da miña xente toda!
¡Canté, se as falas meigas,
as apagadas falas de Emiliña
e Dora —¡anacos meus!— ouir poidera!...
Non volven, non, que fora esto consolo
prâs bágoas miñas e prâs miñas penas;
arelada meiciña prâ ferida
d' hai tempo en mín aberta,
por onde pouco a pouco se me escoa
a vida i-a existencia.

¡Fuxiron, sí, pra sempre e mais non volven
pra esconsolada i-alma do poeta!...

The first part of the paper is devoted to a
 description of the various species of
 plants which are found in the
 country. The second part is
 devoted to a description of the
 various species of animals which
 are found in the country. The
 third part is devoted to a
 description of the various species
 of minerals which are found in
 the country. The fourth part
 is devoted to a description of
 the various species of fossils
 which are found in the country.

The fifth part of the paper is
 devoted to a description of the
 various species of plants which
 are found in the country. The
 sixth part is devoted to a
 description of the various species
 of animals which are found in
 the country. The seventh part
 is devoted to a description of
 the various species of minerals
 which are found in the country.

¿NON TE LEMBRAS?

FOR THE LIBRARY

¿NON TE LEMBRAS?

(Mirando ô chan nativo).

Aqués tempos xa fuxiron,
miña prenda.

Agora estes son xa outros.

¡Qué distintos!

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás das palabras
que tiñamos cabo a igrexa,
mentras teus pais enganados
te coidaban co a xuvenca
no herbal de Fonte fría?

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás das fiadas
nas que tí éral-a reina,
e dos mozos que adoecían
por verse na tua veira?
¡Cánto nós entón gozamos!...


¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás da romaxe
da santa Virxe da Grella,
na que tí todol-os anos
estrenabas «en oferta»
un traxe e mais uns zapatos?

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás do día sete
no que os santos, en ringleira,
rubían nas suas andas
a costa que a Ermida leva
só por mor de vel-a Virxe?

¿Non te lembrás?



¿Non te lembrás cal do monte
ô outo salíalles Ela
e agardábaos cabo a Cruz
onde eles a reverencian,
por diante d' Ela pasando?

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás cánto a xente
gozaba mirando as «ruedas
de fogo» e o «monicreque»
a pelexar co-a «culebra»
hastra que os dous estoupaban?

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás dos xantares
que comíanse na festa,
e dos cegos que chegaban
pidichando unha codela
ou un cachiño de zanco?

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás das cantigas
—copras feitas alí á presa—
que, empezadas pol-o cego,
rematabaas a parenta,
chiscando o ollo ôs namorados?

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás como as mozas,
de noite ô baixar da festa,
cantabades o alaláa,
poñendo unha man na orella
e deténdovos ôs poucos?

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás que tua abóa
me alcumaba «boa peza»,
e que ô chegar pol-as noites
onde a tí, trataba ela
de rezar sempre o rosario?

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás do domingo
en que o abade leu na igrexa
as nosas monestacións?
¡Se me acordo! Tí d' aquela
tan bermella te viraches...

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás que ô casarnos
 fomos xa dendes da igrexa
 «de ganchete» para a casa,
 e a xente detrás de léria?
 ¡Canta vergonza pasamos!...

¿Non te lembrás?

.....

¿Non te lembrás d' aquel día
 triste e negro como as tebras,
 en que a notiza me deron
 de ter que marcharme a guerra?
 ¡Cantos choros houbo estonces!...

¿Non te lembrás?

¿Non te lembrás d' aquel martes
 en que eu díxenche: ña prenda,
 preciso é que canto antes

nos embarquemos pra América,
e tí enxugache unha bágoa?

¿Non te lembras?

¿Non te lembras da estampaña
da nosa Virxe da Grela
que tí trouxeche connosco
para que nos protexera,
e que conservamos inda?

¿Non te lembras?

.....
.....

¡Canta sorte aquén o mar!
¡N' hai Virxe como a da Grela!
Foi Ela quen nol-a dou,
Ela, namiga da guerra,
que aló, dende a sua ermida,
nos ve sempre pracenteira.

Mais ¿qué fas?... ¿qué é o que miras?

—Miro aló cara a Nai Terra...

—Chégate a mín; dame un bico,
¡que oxe n'é como d'aquela!...

.....
.....

¿Esas bágoas?

—Non son bágoas;

é o amor que se me ceiba...

—¿Quéresme moito, vidiña?

—¡Como estonces!... ..

¿Non te lembrás?

NAI DOLOROSA

NAI DOLOROSA

Tamén Nosa Señora chorou profundas dores,
como espiñas punzantes e acedas como fel.
Tamén Ela acorou e sofreu desabores
e abriron as suas bágoas un frofido ronsel.

Almas prá Dor nacidas, pol-a Dor esmagadas
que arrastrades sofridas voso lento vivir,
os peños poñede sobre as suas pisadas,
que aberto xa o vieiro vos deixou a seguir.

Agarimosa Nai, toda chea de gracia,
consolo d' afixidos, amparo na desgracia,
vos chama e vos alenta... ¡Seu exemplo imitai!

O pé da Cruz mirai-a. Vendo a Xesús sen vida,
aguda e lacerante, sua dor non ten medida,
¡i-esgazan sete espadas seu corazón de Nai!...



SOÑOS

SOÑOS

Lá, nas noites caladas, canto todo é silencio,
cando a xente d' aldea dorme toda tranquiá,
eu érgome a soñar, e a tola fantasía
vai forxando caprichos sobre un escuro lenzo.

Vai forxando caprichos; e as somas medoñentas
de seres ben-amados, da terra xa fuxidos,
con estreitos vencellos pra sempre a mín xunguidos,
en riola de pantasma desfilan, tardas, lentas...

Dende un piñeiro o moucho seu canto, qu' é lamer
na escuridade ceiba, que vai nas âs do vento
a morrer esvaído na alonxada montaña.

Unha voz misteriosa se laia delorida,
cal do fondo da i-alma arrancada ou fuxida,
namentras pol-a aldea pasa a Santa Compañía.



to,

ERA UNHA ROSA...

Lída pol-o autor o 28 de San
Xoán de 1930 no xantar ofrecido
no H. Suizo de Santiago ó seu
fraternal amigo Secundino Corti-
zo, co gallo da súa primeira Misa.

THE LINNÆAN SOCIETY

THE LINNÆAN SOCIETY
OF LONDON
1800

ERA UNHA ROSA...

Era unha rosa que frolecera
nos días idos da miña infancia,
cuio arrecendo chega ora eiquí
i-en mín esperta ledas lembranzas,
que, adormecidas dentro do peito,
cal un tesouro, tiña acochadas.

Era un luceiro cal vagalume,
unha luz lene, soave e maina,
que, pouco a pouco, resprandecendo
foi con mais brillo e acesa chama
para algún día ser cal a estrela
que os meus vieiros alumeara.

Aquela rosa oxe arrecende
d' especial xeito n' esta xuntanza,
e ten arumes mais escollidos
que n' este ambiente agora espalla.

Aquel luceiro cal vagalume
ora é facheiro d' acesas chamas,
que no mais fondo do meu esprito
pon escentilos d' estrela sagra.

Esa rosiña i-ese luceiro
son, caro amigo, a amistá santa
que as nosas vidas xuntou embora,
ô atoparnos na nosa infancia,
e a mesma roita marcou d' estonces
prâs nosas vidas i-as nosas almas.


Esa rosiña i-ese luceiro,
—esa amizade xa consagrada—
foi quen me trouxo a festexarte

co estes amigos n' esta xuntanza,
por mor da tua Misa primeira,
por mor da tua grande xornada;
i-esa rosiña i-ese luceiro,
esa amizade, é quen me manda
agora erguerme para adicarche
cativos versos, nos que se garda
toda a fondura do meu cariño,
toda a meiguice da nosa fala,
—fala d' amores e de agarimos,
fala de rezos e de pregarías—
o verdor todo das nosas veigas
con o feitizo das nosas praias;
o marmurío dos nosos ríos,
das nosas fontes a doce cántiga,
a maxestade dos nosos tempos,
dos nosos pinos a queixa vaga;
o arrecendo das nosas frores,
das nais doridas total-as bágoas;

¡toda a Galicia dos meus quererres,
todo o feitizo da terra amada,
co-a i-alma toda d' un vello amigo
e a noraboa d' esta xuntanza!...



COMPOSTELANA



COMPOSTELANA

Sobre as rúas estreitas ergue a chuvia
sua triste e monorrítmica canción;
das gárgolas as fauces s' entrabriron
e o número das fontes abundou.

Arrentes da portada de Fonseca,
envolto no seu traxe funeral,
un vilheu coase aterecido escoita
as doce no reló da Catedral.

Un lóstrego por riba da cibdade
seu retorcido lampo esparexeu,
namentras, sulagada en tebras pechas,
a vella Compostela se durmeu.

Trás da Santa Compañía, as somas sagras
de Xelmírez, Fonseca e de Raxoi,
por Lago comandadas, pasan lentas
nas tebras pervagando en procesión.



MOXENAS

MOXENAS

Pra meu curmán Gerardo,
con cariño de irmán.

I

Cando un nace, todo é contento e alegría,
ven a morte: sospiros, bágoas, congoxas...

N' este mundo miserabre
andan do rivés as cousas...

II

Mentras te quixo, era un santo,
miragros d' él só contabas.
Deixoute, i-era un mal home,
un sinvergonza, un canalla...
¿Cómo quês que che den crêto,
negando o que antes xurabas?

III

Cando vexo caír as follas
xa secas aló no inverno,
véñseme as bágoas ôs ollos
e d' un cariño me lembro.
Prâs doces ilusiós tamén ¡ai! chega
o tempo de caír cal follas secas...

IV

Só unha vez na nosa vida
nos sorri a diosa Fertuna.
A mín surreume, mais foi
sua sorrisa unha bulra.

V

Toca a gaita, gaitairiño,
pois, anqu' eu non sei bailar,
o són d' ela é un lenitivo.

VI

Non sei que feitizo tén
pra mín o són das campás;
porque, en ouíndoas, recordo...,
¡ai! e teño que chorar.

VII

O mar freme e brúa o vento,
núbrase o sol, treme a terra...
¿Será, quizaves, chegada
a Resurrección galega?


VIII

Co curazón valeiro,
vou pol-o mundo adiante
sin atopar remédeo.

IX

Eternidá de penas,
eternidá de goces;
libertá d' escoller:
leitor amado, escolle.

ARELA



ARELA

N' un curruncho fondo do teu peito
ter un cariño,
e no escuro mouro dos teus ollos
verme a cotío.
Nos teus ensoños
revoar ledos,
i-escuitar falas aloumiñantes
d' eses teus beizos.

Cal niño de pombas, limpa e branca,
unha casiña
lá, na paz d' aldea, onde todo
amor respira.
N' ela de cote
vivir contigo,
antre as caricias e os bicos mornos
dos nosos fillos.

Cos anos cangados, xunto ô lume
cos netos nenos,
recordal-os nosos tempos mozos
e días ledos.
E, cando queira
dispol-o Dios,
o sono eterno durmir na tumba
de meus abós.

BRÉTEMA

BREITEN

BRÉTEMA

Cúbrese o río d' escura néboa,
que, pouco a pouco,
vaise estendendo a ambas²orelas,
montes e soutos
e o val enteiro de fertís veigas,
cheas de froito,
gándaras, fragas e piñeirales,
casas e piornos,
entebrecidos pol-o seu manto,
qu' encobre todo,
deixando, tal que se afundidas
total-as cousas foran n' un pozo.

¡Bretemal mesto! Semella o día
boca de lobo.

Onse as mulleres chamar ôs nenos
que ô touzal foron
guiar as vacas mail-as ovellas.

¡Probes! Pillounos
o neboeiro, meus coitadiños,
mesmo de sócato.

Xa cos carreiros ora n' acertan,
e choran fondo,
corretexando sin vieiro certo
atontadiños por antre os toxos.

Xa sulagado vai no silencio
quedando todo.

Xa nin se ôñ berros, nin se ôñ laídos,
nin se ôñ saloucos.

A Natureza quedou prendida
d' un fondo sono.

De cando en cando un can oubea
negros agoiros.

Unha orballeira de chuvia maina
de abril e outono
por antre a brétema caeu na terra
e mollou todo.

A Natureza, ¡non despertal-a!,
sigue abraiada n' un fondo sono.

¡Ouh, qué tristura cando así a brétema
encobre todo!:
apenca as veigas, apenca as hortas
e apenca os froitos;
leva ôs fogares choros e bágoas
e bara os corpos;
fai con que a xente perda os vieiros,
e anguria todo.

¡Ouh, qué tristura cando así a brétema
encobre todo!:
apenca as veigas, apenca as hortas,
apenca os arbres e bara os corpos.

¡Bretomal mesto cobre miña alma
d' eterno loito!
Fondos pesares, penas sin termo,
dores sin conto,
tranme d' hai tempo agrilloado
o meu ser todo.

¡Bénia ás noitebras que cân na terra,
e cân nos corpos,
se unha moxena de luz i-espranza
brila no fondo
do noso espírito! Mais ¡ai! qu' eu teño
e levo adoito
en col do corpo bretemal mesto,
en col da i-alma, ¡eterno loito!

LEMBRANZA LÍRICA

LEMBRANZA LÍRICA


Fai xa tempo. ¡Eu te lembro!
Sentados do río â veira,
eterno amor nos xuramos
de abril unha morna sera.
Logo, no teu corpo endebre,
sagra carce da inocencia,
acendeuse un día a chama
aburadora e frebenta,
que desuneu teu espírito
da ruindá da materia.

Ben sei que non me esqueciches;
ben sei que ende aló me axexas
e que leda me surrís
no escintilar das estrelas.
¡Eu te lembro! No meu peito
buligan cotiáns e ledas
aquelas horas vividas
en amorosa conversa.
No atardecer dos días mainos,
sobor da laxe que encerra
teu corpo, esparexo frores
do meu xardín e ternezas,
pétalos da rosa mística
que na tua i-alma prendera.

¡Te lembro! Connigo adoito
levo a reliquia postreira
que me donache: aquel pano,
onde os teus beizos roxentas
frores de carne deixaron,
bicos da ferida acesa.

Pousei n-él tamén meus beizos,
magoado da tua dor mesma,
e d' entón xurdeu punxente
no meu peito a roxa arela
de ser bicado en esprito
por tí na mansión eterna.

¡Céíbame axiña, ouh Amada,
d' esta carce miserenta!
Nosas almas serán chama
d' amor n' unha estreita aberta,
e baixo unha mesma lousa
dormirán dous corpos mentras.



MIÑA LUA ALUARADA

MIRYA DA ALIASADA

MIÑA LUA ALUARADA

Miña lúa aluarada
que t' ergues trás do pinal,
fálame da irmán amada
que levou a Inmaculada
na sua festa de Nadal.

Nas tuas brancas raioliñas
¿qué me envías? ¿qué me trás?
Bicos?... Falas mimosiñas?..
¿Sabe das arelas miñas
e do seu loiro rapás?

Dille, dille, branca lúa,
que aquel anxo que deixou
rebulda na casa núa...,
e n' unha raiola túa
¡lévalle o meu corazón!

Dille que n' achei consolo
dendes que ¡ai! d' aquí fuxeu,
que o seu filliño tan sólo
logra, en collendô no colo,
amingoal-o penar meu.

MADRIGALES

ROSA SIN ESPÍÑAS

Pol-o seu xardín iba a miña amada,
vistosa e recatada,
collendo un día frores
pra tecerlle unha crôa ô seu Poeta,
amor dos seus amores,
e, xentil volvoreta,
co afán d' escoller soio as milliores,
—non coidando que antr' elas agachadas
medraban as espiñas afiadas—

ô coller unha fror, na sua man
 cravóuselle unha espiña;
e a sangue, relocente e bermelliña,
en pingotiñas foi caindo ô chan...

 No sitio aquel, regado
 por sangue tan preciosa,
 floreceu decontado
 a rosa mais fermosa,
cal nunca outra se veu n' algún cercado:
branca, con pintas roxas, bermelliñas,
e, ¡ouh prodixio!, rosa sin espiñas...

A UNS OLLOS

Mália os olliños que miran,
e o que cobizan non ven.
Mália os beizos que suspiran
sin que os escoite ninguén.

CABANILLAS.

Ollos meigos, trubadoras,
anacos do azur do ceo,
onde pra mín a treizón
seu mouro niño ten feito;
¡quén poidera ollarvos, quén,
coma vos, só con desprezo!

Mais non, que eu jai! prendinme
da vosa meiguice un tempo,
cando soio erás cariño
pra mín, amor, embeleso;
cando en vos samente achaba
da paixón miña o refrexo.

Ollos meigos, trubadores,
anacos do azur do ceo,
onde a treizón e a falsía
apousan e tén seu seo;
anque meu tormento sodes,
vosas miradas eu prego,
¡que eu amo a vosa treizón!,
¡que eu amo o voso desprezo!...

A UN MAL, OUTRO PIOR


Fai xa tempo, non sei cómo nin onde,
unha espiña na man se me cravara
de tal maneira e con tan mala sorte,
que, pois ninguén certara
ârrincar, dixera o ciruxán
que tiña ou que deixar cortal-a man
ou, de contra, pagar trebuto â morte.


Non véndolle ô dilema
porta fraca por onde eu me escapar,
no momento, sin frema,
acordei: de morrer, deixar cortar.
Destonces, ¡ouh cativa sorte a miña!,
tí t' ofreceches pra sacarme a espiña.

Non che direi que non
lograches arrincarma; millor fora
que nunca tal lograses, pois, treidora,
craváchesma dimpois no corazón.
¡E agora, ¡ouh dor!, pra mín xa non hai cura
mais que na escuridá da sepultura!...

NOSA SEÑORA DA GRELA

Poesía recitada pol-a nena Celia
Iglesias Teira, diante a imaxe de
nosa Señora da Grela, o día 8 de Se-
tembre—data da súa festa—do 1930.





Ergueuse o sol moi cediño
e, por ser día de festa,
destrenzou unha muiñeira
na serra de Cabanelas.

Vírono os bós mariñeiros
mail-as xentes de Trás-Deza,
e puñéronse en camiño
de cara â Virxe da Grela.

Van de romaxe: i-as mozas
desfollan cántigas ledas,
todas cheas de degaros
e ateigadas de ternezas.

Irtos, bariles, outivos,
fillos herdeiros dos celtas,
abrouxadores atruxos
os mozos no ar peneiran.

O gaiteiro repenica
os dedos con xentileza,
bordando armonías doces
que os pesares escorrentan.

Nas mans d' unha nena en flor,
bermelliña cal cereixa,

toleirona e donairoza
rebuldea a pandereta.

Reloucando d' alegría,
camiñan de cara â Grela
para cumprir santos votos
e sagras promesas feitas
â doce Nosa Señora,
de Dios Nai; â Virxe meiga,
abogada dos homildes,
aliviadora de penas,
sosego nos desacougos
dos corpos e das concencias;
dozura, nos amargores,
nas acedumes, terneza,
nas horas de dor, meiciña,
ledicia, nas de tristeza;
rosa antre espiñas nacida,
miúda e branca azucena,
casta antre total-as virxes,

reina antre total-as reinas,
refuxio dos pecadores,
jucha de gracias rechea!...

A Santa da Grela van
para caír diante d' Ela
de xionllos, agradecidos,
e rezarlle coas mans dreitas
â que sosegou os mares,
calmou os ventos, e â terra
guiou os barcos que a roita
na noite escura perderan,
e arredou â praia as dornas,
as probes dornas peixeiras,
trocando bágoas e choros,
mágoas, dores e tristezas
en sorrisos e alegrías,
bicos, caricias e apertas,
levando a paz e o amor
ôs fogares e âs concencias...

¡Coitadiños mariñeiros!;
¡cántas dores, cántas penas,
traí sobor d' eles â feixes
o mar cando s' enrabecha,
e se arremoiñan os ventos
e as loucas olas s' encrespan!...
Mais saben que dende a ermida
nosa Señora da Grela
seu ollar protector tende,
i-olas e ventos se aquedan,
sempre que a invocan e a chaman,
sempre que acoden a Ela.
¡Por algo é porto seguro!,
¡por algo é do mar estrela!...

Nosa Virxe dos homildes,
nosa Santa mariñeira,
que, cal lumioso faro,
na túa ermida da Grela
t' ergues cara ô mar d' Arousa,


garimosa e satisfeita,
co a sorrisa a fror de beizos
e a miradiña serena
d' eses teus olliños meigos,
ollos de nai cariñenta
que nos quer e aloumiña,
que nos bica e arreconchega
escontra do mormo peito,
nos arrola e adormenta...
Somos probes mariñeiros,
nosa Santa, nosa Reina,
que no escuro mar da vida
â deriva imos, sin velas;
azoutados pol-os ventos
das tentaciós que nos cercan,
pol-as olas enritadas,
pol-o mar que s' enrabecha:
olas de falsas doutrinas
que de Cristo nos arredan;

mar, onde ferven as lavas
infernales da indecencia,
enritadas pol-as modas,
pol-as lascivas novelas,
pol-os teatros e cines
e pol-a prensa blasfema;
mar, onde se arremoiñan
con furias de loba fera
total-as pasiós humanas
e as desatadas tormentas
dos infernales abismos
e das infernales sectas;
mar enlodado, onde o monstro
dos sete pecados ceiba
pestilenciales vafíos
e arrotos con que envenena
fogares, escolas, vilas,
almas, vidas e concencias!...

Doce e adourada Naiciña,

nosa Señora da Grela,
guíanos â porto salvo,
lévanos â praia, leva;
sexa teu manto real
das nosas dornas a vela,
teus ollos e teu sorrir,
faro que a roita alumea
âs probes almas que dudan
envolveitas pol-a néboa;
móstranos, doce refuxio,
nos teus braciños de Reina
ô fillo das tuas entranas,
ô Neno Dios; fai que vexan
seu sorriso loumiñante
nosas almas mariñeiras;
roga por nos, nosa Santa,
ora e na hora derradeira.
¡Por algo és porto seguro!,
¡por algo és do mar estrela!...

A FONTE DAS MEIGAS



A FONTE DAS MEIGAS

Hai unha fonte
na miña terra
que a xente chama
fonte das meigas,
e o que, con sede
chegando a ela,
das suas ágoas
beber s' estreva,

disque, endiante,
dores e penas
sinte de cote
soio e tristezas.

Hai unha fonte
na miña terra
que a xente chama
fonte das meigas.

Eu, que fun sempre
rebelde às crênzas
que ten o pobo
tocante a meigas,
trasgos e bruxas
e cousas d' esas;
moi arrufado,
con moita aquela,
sin facer creto
de tal creenza,

alá me fún
—¡bén se me lembra!—
de cara a fonte,
que dín das meigas.

Do mes de Maio
unha tarde era.

O ver suas ágoas,
craras e frescas
agurgullando
por antre as penas,
sentín degaros
e sede d' elas.

Axoenlleime
sobor das herbas,
e, abaixándome
en col da presa,

bebín..., bebín...
e sentín pena
non ter mais sede,
porque de tel-a
bebendo un ano
seica estivera.

Tal de sabrosas
e frescas eran
da fonte as ágoas
que dín das meigas.

¡Nunca alí fora!
¡Nunca eu bebera!

Dende aquel día,
de cote penas
sinto e pesares,
dores, tristezas;

vexo visións,
soño quimeiras
e ando sempre
pensa que pensa
e cavilando
cousas segredas,
que nunca logro
realidá vel-as.

¡Ai! Dend' estonces,
¿quén o dixera?,
creo na fonte
que dín das meigas.

Hai unha fonte
na miña terra,
que a xente chama
fonte das meigas,
e o que con sede

chegando a ela,
das suas ágoas
beber s' estreva,
terá a cotío
moi fondas penas,
que eu jai! bebin-as,
e agora... ¡téñoas!...



CASOALIDÁ

CASOALIDA

I

Conocémonos,
quixémonos
co ese querer d' amizade
que une a dous amigos bós;
logo, o trato foi cavando
no querer profundidade
sin decatarnos nin nós.

Mutuamente
nosas coitas
nos contamos sin segredo

nin xamais unha calar;
hastra que a xente, avezada
a xuzgar de cote cedo,
encomenzou a falar...

Ofendémonos

e rímonos

das lixeirezas da xente
en asuntos de tal crás.
¡Confesémol-o!... Eu coido
que aquela risa inocente
foi o chispazo vorás...

Dimpois?...

Non nos estrevenos
inda a falar n' unhas veces
xa con toda craridá;
e así foi como nacera
aquele amor que coñeces,
fillo da casoalidá...

II


No vindeiro...
nos amamos
co ese amor tan santo e puro
qu' endexamais vedou Dios;
logo, as promesas cavano
de cote mais fondo..., xuro
que sin decatarnos nós...

Pescudaron,
mais negamos.
¡Antre os dous soio o segredo
d' aquel tan subido amor!...
Sin procatarse, diant' eles
amor nos temos xurado,
anque baixo outro color.

¡Perseguíronnos!
¡Burlámoslos!,
e nunca a verdá poideron
con certeza ben saber.
¡Alonxáronnos!... ¡Buscámonos!...;
e as distancias non valeron
pra tales lazos romper.

Dimpois?..
¡Xuro! Non sei cómo
nin cal dos dous tivo acerto;
culpa d' amarga verdá.
Nin tí nin eu. ¡Confesémol-o!;
que aquel amor foi de certo
fillo da casoalidá...

SOBRE A FENESTRA



SOBRE A FENESTRA

Sobre a fenestra da vida,
miña i-alma debruzada
a esculcar na inmensidade
as formas da irmán amada.

Sua voz sonou loumiñante
no meu vivir esquencido,
e vou tras d'ela correndo
na escuridade perdido.

As suas caricias sentín,
nos seus ollos me mirei,

e dos seus beizos resólio
de falas doces gustei.

Despois?... Da Dor as gadoupas
feriron meu corazón:
je a dita miña esgazada,
e morta miña ilusión!...

Levo no peito o desazo
i-o peso da lonxanía,
e cabo a i-alma a friaxe
da mais cruel invernia.

A rentes das mágoas miñas,
o fel da esperanza esvaída,
i-encol do meu corpo endebre,
a sogá da Dor cinguida.

Abreume o espazo vereda,
e vou camiño do Alén,
falando a quen non m' escoita
chamando a quen mais non ven...

SILUETAS COMPOSTELĀNS

A CATEDRAL

Unha montaña de pedra
con debuxos caprichosos,
onde, acochados, se gardan
inapreciábres tesouros.

A NORMAL

Bela portada románica
n' unha casoupa empotrada.
Dentro, ledo rechouchío
de rapaces e rapazas.

A UNIVERSIDADE

Sabios mestres encadrados
dentro d' un marco de pedra;
abigarrados discípulos,
¡mais abigarrada cencia!...

SAN PAIO

Un gran lenzo de sillares,
fiestas con enreixado,
onde debullan amores
corazóns santificados.

PAZO DE RAXOI

Soportales, balcoadas;
villeus, ediles, xuzgado.
Arriba, anxos cantores,
e o Apóstol cabalgando.

RUA DO VILLAR

Soportales. Risas. Bágoas...
Chuvia maina e miudiña;
e un León a devorar
toda caste de notizas.

RUA NOVA

Penumbra nos soportales...,
falas d' amor e promesas...
Remoñíos de rapaces...
Teatros... Cine... ¡Indecencias!...

A FERRADURA

Un mirador ateigado
de somas de romanticismo,
onde as arelas s' espallan
en enervantes sospiros.

O PEDROSO

O fielato donde pagan
portasgo chuvias e néboas,
cando veñen visitar
as ruas de Compostela.

HOSPITAL

Portada renacentista,
por onde entran os doentes
trás d' arelada meiciña
que a Caridá lles ofrece.

MOIMENTO A SAN FRANCISCO

O granito feito fala
pol-o artista mais galego;
San Francisco a nos decir
que inda non morreu Mateo.

HOTEL COMPOSTELA

N' un capitel apreixada
a inspiración de Asorey,
e un remedo de gran Pazo,
onde os ricos van comer.

¡MOITAS GRACIAS!

Con motivo d' un inmerescido agasallo adicado pol-o rol das miñas boas amistades.

¡MOITAS GRACIAS!

Pra responder ôs vosos agasallos
eu non atopo falas,
e ándanme alá dentro da cabeza
en revolta xuntanza
ideas e conceptos, que n' acerto
a pôl-os por seu orde. E na i-alma
sinto tal que unha morna vaguedade,
unha dozura soave e degarada,

que o meu ser todo envolve
e o corazón sulaga
de ledicias n' un mar que non ten fondo.
Pra mín será esta data,
ô longo do camiño dos meus días,
como a pedra miliaria,
na que con letras d' ouro
grabarei vosos nomes. E a xornada
d' oxe hei gardar no meu libro de notas
como ilustrada páxina,
como estampiña sagra de recordos,
como ardente pregaria,
que o voso agasallado
terá d' erguer da Grela â Virxe amada
por vós, e pol-os meus, e por Galicia:
pol-a irmanciña santa,
que, ô frolecer cal frol, pol-o curisco
con bico ¡ai! de morte foi bicada;
por Doriña e sua nai; de meus abós

pol-as fuxidas almas;
pol-os vellos amigos que souperon
enxoitar algún día as miñas bágoas,
e por cantos agora aquí m' escoitan
e co a súa presenza me honran e agasallan;
pol-a Galicia ceibe
con libertade sagra,
por todol-os valentes loitadores
que forman n' estos tempos a cruzada
dos escollidos *bós e xenerosos*
que loitan pol-a Terra e pol-a Fala;
pol-a Fé que nos trouxo o Santo Apóstol
que en Santiago descansa;
pol-o sustento e o bén dos nosos corpos,
¡pol-o sustento e o bén das nosas almas!...

Pol-o vindeiro adiante
camiñarei de cote co a lembranza
d' esta xornada ardendo no meu peito

con roxas labaradas.

Mais para agradecer tanto agasallo
n' atopo agora falas,
e érgome, confuso e avergonzado,
como antre xente extrana,
sin achar outra cousa que decirvos,
mais qu' estas duas verbas: *¡¡Moitas gracias!!*



EU TEÑO UN PAXARIÑO

EU TEÑO UN PAXARIÑO

N' unha gayola vella, repintada
d' un color subido d' amarelo,
eu teño un paxariño, que hai que vel-o
como desfolla cantos n' alborada.

Un ledo pintasilgo miudiño,
—ofrenda e dónpreciado d' un amigo—
que nado foi nas gallas d' un caxigo,
onde seus pais fixeran brando niño.

¡Ouh meigas armonías! Dende o día
en que na casa canta, hai alegría,
esa alegría santa que namora;

e hastra se me antoxa que a dor miña
fuxeu, e no seu canto agora aniña
unha saudade vaga e benfeitora.



OXE HOUBO FESTA NO CEO

Poesía lida pol-o autor na famosa *Carballeira do San Xusto*, con motivo do xantar n' ela ofrecido ô seu amigo Casimiro Cubela, o día 6 de Agosto do 1930, data da sua primeira Misa e festa dos irmáns mártires, Santos Xusto e Pastor.

OXE HOUBO FESTA NO CEO

¡Carballeira do San Xusto,
carballeira derramada;
n' aquela carballeiriña
perdín a miña navalla!

(Canto popular).

Co a licencia d' esta xente:
señoritas, donas, cregos,
homes de toga, escolantes,
respetabres cabaleiros,
erguereim' eu pra decirvos
que oxe houbo festa no Ceo.

Co gallo da misa nova
d' este amigo e compañeiro,
saín oxe de Santiago
pol-a mañanciña, cedo,
e pol-o camiño viñen
maxinando todo tempo
no sacrificio da Misa
e a dinidade do Crego,
e, deixando a fantasía
voar sin rendas nin vencillos,
non facendo uso da lóxica
d' un modo xusto e concreto,
cheguei a dar coasementa,
verba mais ou verba menos,
ô que o pregador fai pouco
nos dixo de xeito esgrevio,
en períodos fermosos
e froridos s' extendendo:
que oxe é data sinalada,
que oxe houbo festa no Ceo.

Falar con Deus a miúdo?:
lendo o Testamento Vello,
vemos que aqueles Petrucios
coase a cotío o fixeron;
mais facer que Xesucristo
descese dos outos Ceos
sobor das táboas do altar
pra nos como pan comel-o,
eso nín siquera a Virxe
—¡i-é sua Nai!— pode facel-o;
i-en troques, con catro verbas
o fai calisquera crego:
decindo: *Hoc est corpus meum*,
âs suas mans ven Deus correndo.

Pol-o tanto, ora decide
se n' hai no meu compaheiro
outa dinidade, que oxe
por primeira vez fixo eso,

e por vez primeira Deus,
en frebe d' amor ardendo,
nas suas mans repousou,
das especies baixo o velo.
As campaiñas da Groria
tringuelearían òn tempo,
e os coros dos Serafíns
cantarían diante o Eterno
o *Sanctus, Sanctus* tres veces
e o *Gloria in excelsis Deo*,
mentras sobre a ara erguía
a Vítima o novo crego,
i-era un himno a Natureza
subindo da terra òs Ceos.
Por eso eu decirvos podo,
seguro do meu aserto:
que oxe é data sinalada,
¡que oxe houbo festa no Ceo!

¡Carballeira do San Xusto!,
veiras do Lérez lixeiro,
veigas, valgadas e montes,
frolecidas i-encubertos
por amarelas chorimas,
unide o voso arrecendo
dos alegres paxariños
ô rechouchío algareiro,
ôs armoñosos queixumes
dos fungadores piñeiros,
âs ledas notas da gaita
e ô maino zoar do vento
antre as follas dos carballos,
e dos vellos castiñeiros
antre as gallas ateigadas
de candeas i-ourizelos;
ô marmullar das fontelas
e dos ríos cantareiros,
ô tanguer das campañas

i-os alalás dos romeiros;
ô *perdín miña navalla*,
que, como frecha d' aceiro,
vai esvaírse lonxano
bailando nas âs do vento;
â ledicia d' este día,
i-ô barullo e algueireo
d' esta festa de San Xusto,
e dos que ora eiquí, atentos,
estes versíños escoitan
cativos, pero sinceiros,
de quen chegou de Santiago
pra festexar a un xa vello
amigo n' esta xornada,
—día sagro, grande e ledo
pr' âs almas cheas de fé—
e berrar com' ô comezo:
que oxe é data sinalada,
¡que oxe houbo festa no Ceo!

¡SON O MESMO!

¡SON O MESMO!

Non coides que sinto noxo
de tí, nin que teño a menos
falarche cando te atopo
na curtiña ou no portelo.
Sonche cal era denantes.

Son o mesmo.

Non me apartel-o camiño,
nin me repares d' esguello
cando me vexas chegar
baixando cara o quinteiro.
Non che gardo aquél ningún.

Son o mesmo.


Coida bén de non virarte
bermella, s' é que ô turreiro,
antre cántigas e aturuxos,
cos outros mozos eu chego.
Non lles contei ren de tí.

Son o mesmo.

Bén sei que fuches lixeira
veleta que move o vento;
mais non por eso eu acocho
rencor algún nin desprezo.
Nin migalla me troquei.

¡Son o mesmo!

¡GALEGO!



¡GALEGO!

Mais que âs mulleres todas,
quero â nai miña;
mais que a total-as terras,
quero a Galicia.

Mais que a total-as patrias
a nosa patria,
mais que total-as falas
a nosa fala.

Mais que as bandeiras todas
nosa bandeira,
mais que total-as terras
ja miña terra!



N' UN REVOAR SIN FIN

N' UN REVOAR SIN FIN

N' un revoar sin fin, da Dor as azas
rozaron o seu corpo de muller,
—lanzal, esbelto e de soaves trazas,—
de primaveira un loiro amanecer.

Por sobre do seu rostro, un côm magoado,
seus ollos ¡ai! pechados e sin luz,
o seu sorrir pra sempre xa apagado,
e nas suas mans un lirio i-unha cruz.

Así dormida, a ollei no cadaleito,
namentras que no fondo do meu peito
se derretía en pranto o corazón.

Foi soño? Realidá?

A miña veira
n' un branco amanecer de primaveira
levaran a enterrar miña Ilusión.



NA GAIOLA DO MEU PEITO

NA GAIOLA DO MEU PEITO

Na gaiola do meu peito
ten seu niño un reiseñor,
que, a sufrir penas a feito,
canta as feridas da Dor.


Foi alegre en tempos idos,
mais nunca soupo cantar
hastra que os dores buídos
o chegaron a magoar.

O reiseñor é meu estro,
na cencia da Dor maestro,
que meus versos inspirou;

que a doce malenconía,
desque fuxeu a alegría,
no meu peitiño aniñou.



EU GARDO



EU GARDO

D' unha uchiña d' ouro
n' un curruncho escuro, eu teño agachado
un rico tesouro.

Un tesouro sagro,
rosa frolecida, frol arrecendente
cal vello miragro.

¡Cal miragro santo
inérito gardo no fondo da i-alma
o meu millor canto!

CO AS DEBIDAS LICENCIAS

REXISTRO

REXISTRO

	<u>Páxinas</u>
Adicatoria	5
Verbas limiares	10
¡Alá ván!	13
Na fala meiga.	17
Ofrenda d' amor	25
¡Salve, irmán piñeiro!	29
Berros de loita.	39
A Galicia.	45
Cántigas de Nadal.	51
O merlo.	55
A tarde vaise.	61
Meu dor.	65
Primaveira.	73

	<u>Páxinas</u>
Vítimas.	77
Inocencia.	91
Acoarela.	95
O espello.	99
Maruxa.	103
Sospiros de emigrado.	109
As miñas canas.	115
Tríptico. {	Agoiros de morte. 123
	O trebón. 125
	Abrente. 127
Lírica.	129
Alborada.	137
Paisaxe do lusco e fusco.	143
Ruada.	147
¡Inda o diaño!	153
Faíscas. {	Et Verbum caro factum est. 161
	¡Fai, bon Dios! 163
	Non sei. 164
	Lubricán. 165
	O miragro. 166
Foi un bico. 169	

	<u>Páxinas</u>
Bágoas.	175
Nadal.	177
Nai.	181
¡Irmanciña!	185
Anceios.	191
Morriña.	195
Mágoas.	201
¿Non te lembras?	207
Nai dolorosa.	217
Soños.	221
Era unha rosa.	225
Compostelana.	231
Moxenas.	235
Arela.	241
Brétema.	245
Lembranza lírica.	251
Miña lúa aluarada.	257
Madrigales. { Rosa sin espiñas.	263
{ A uns ollos.	265
{ A un mal, outro pior.	267
Nosa Señora da Grela.	269

	<u>Páxinas</u>
A fonte das meigas.	279
Casoalidá.	287
Sobre a fenestra.	293
Siluetas composteláns.	297
¡Moitas gracias!	305
Eu teño un paxariño.	311
Oxe houbo festa no Ceo.	315
¡Son o mesmo!	323
¡Galego!	327
N' un revoar sin fin.	331
Na gaiola do meu peito.	335
Eu gardo.	339
Rexistro.	343

ERROS MAIS NOTABRES

Antre a liña 16 e a 17 da páxina 68 omitiron os caixistas a seguinte estrofa:

Acollinme ôs menciñeiros
nas aldeas, pro non poiden
atinar con un siquera
que alixeirase o meu dore.

No verso 10 da páxina 291, léase sagrado en vez de segredo.

Na páxina 292, verso 10, que dí:

cal dos dous tivo acerto;

debe decir

cal dos dous tivo acerto



Custa 4,50 pts.